

FICRURAL

I Foro Internacional da Economía e da Cultura Rural



Santiago de Compostela

26-28 de Setembro
2019

Fundación Laboral
da Construción
Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13

Programa FICRURAL



Feira



Visión



Xogo

siguenos en:



@viveficrural



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO

Índice

Presentación	1
FICRURAL 2019	1
RESUMO E HORARIOS	2
Acto inaugural FICRURAL 2019	4
FICRURAL VISIÓN	8
Resumo Visión	8
Xincana fotográfica	9
Festival Internacional de Cine Rural de Galicia	10
Actividades Visión	19
Exposición "Anacos do Rural"	22
FICRURAL FEIRA	26
Resumo Feira	26
Actividades Feira	27
Concertos	32
FICRURAL XOGO	34
Resumo Xogo	34
Roteiros	36
Actividades Xogo	40


Presentación



Conscientes da necesidade dun cambio de modelo de desenvolvemento, que poida revertir a situación de crise do rural, o Foro Internacional da Economía e Cultura Rural **FICRURAL 2019** nace co obxectivo de ser un foro de intercambio e divulgación de experiencias e casos de éxito para impulsar un modelo innovador e creativo para o rural.

FICRURAL, tal e como aconteceu sempre nas feiras populares ao longo da historia, é un punto de encontro para favorecer a colaboración e o intercambio, o diálogo e a reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro do rural, compartindo experiencias con actores públicos e privados, nacionais e internacionais, para crear unha rede colaborativa entre axentes e proxectos de emprendemento rural para a dinamización do rural de Compostela e Comarca e dos concellos da provincia da Coruña e de Galicia.

Acto inaugural FICRURAL 2019



22 de Setembro de 2019, 11:30 horas – CSC A Gracia.

ANDAINA E ACCIÓN COLECTIVA NO DÍA MUNDIAL SEN COCHES.

9.30 h. Con motivo da celebración do **Día Mundial sen coches**, farase un **roteiro guiado** e de balde "Coñece o rural de Compostela" para ir a pé até o acto inaugural no CSC A Gracia (**ver info de percorrido e horarios na web**).

11:30 h. Acto inaugural do **FICRURAL 2019** terá lugar no Centro Sociocultural A Gracia, e será un evento popular e aberto ao público, onde imos desfrutar dunha sesión de **narración oral a cargo de María da Pontragha**, e a lectura do manifesto "A ESPAÑA BALEIRA" por parte dun membro da Red de Periodistas Rurales de España.

12:00 h. Acción colectiva: "**CAMPÁS DE COMPOSTELA**" co toque simultáneo de todas as campás de Compostela, coordinado por Moisés Quintas, nunha acción reivindicativa a chamar a atención sobre a crise global do mundo rural e a necesidade dun futuro para o rural de Compostela e de toda Galicia.

12:15 h. Concerto "**TERRA E ALMA**". Moisés Quintas ofrecerá ás persoas asistentes un concerto multidisciplinar onde se interrelacionan as músicas e letras dos alalás, interpretados con distintos instrumentos populares e tradicionais de Galicia; e as fotografías de Carlos Valcárcel, realizadas entre os anos 60-70 do século pasado e os sons da Terra. Estes elementos vanse dando vida uns aos outros creando unha ampla paisaxe visual e sonora, que transporta ao ouvinte a outra época e a outros lugares de Galicia.

13:00 h. Proxección de documentais históricos de Filmoteca Española e da Mediateca do Ministerio de Agricultura incluídos no proxecto multimedia **Galicia na Memoria**.

13:30 h. Visita guiada e clausura da exposición **Anacos do Rural de Compostela e provincia** no CSC A Gracia.

Como chegar

A **Fundación Laboral da Construción (Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13, Romaño)** atópase a carón do barrio de Vista Alegre, moi preto do centro de Santiago de Compostela e dispón dun amplo aparcadoiro propio nas instalacións. Tamén se pode acceder a pé ao **FICRURAL** dende o Parque de Galeras, a través dun roteiro sinalizado río arriba polo Sarela ou a bordo do noso bus.





Como chegar

Durante a celebración do evento, a organización de **FICRURAL** poñerá a disposición dos asistentes un bus lanzadeira de balde con rotulación propia con saída dende a Praza de Galicia e paso por outros puntos da cidade (ver web) e os seguintes horarios:

DATA	HORA DE SAIDA	DESTINO	HORA DE REGRESO	DESTINO
Domingo 22 de Setembro	11:00 h	Centro Sociocultural de A Gracia	14:00 h	Praza de Galicia
Xoves 26 de Setembro	16:00 h	Fundación Laboral da Construción	16:30 h	Praza de Galicia
	17:00 h		17:30 h	Avda. de Barcelona (Praza Pascual Veiga)
	18:00 h		18:30 h	
	19:00 h		19:30 h	
	20:00 h		20:30 h	
	21:00 h		21:30 h	
Venres 27 de Setembro	10:00 h	Fundación Laboral da Construción	10:30 h	Praza de Galicia
	11:00 h		11:30 h	Avda. de Barcelona (Praza Pascual Veiga)
	12:00 h		12:30 h	
	13:00 h		13:30 h	
	16:00 h		14:30 h	
	17:00 h		16:30 h	
	18:00 h		17:30 h	
	19:00 h		18:30 h	
	20:00 h		19:30 h	
	21:00 h		20:30 h	
		21:30 h		
		23:30 h		



DATA	HORA DE SAIDA	DESTINO	HORA DE REGRESO	DESTINO
Sábado 28 de Setembro	10:00 h	Fundación Laboral da Construción	10:30 h	Praza de Galicia
	11:00 h		11:30 h	Avda. de Barcelona (Praza Pascual Veiga)
	12:00 h		12:30 h	
	13:00 h		13:30 h	
	16:00 h		14:30 h	
	17:00 h		16:30 h	
	18:00 h		17:30 h	
	19:00 h		18:30 h	
	20:00 h		19:30 h	
	21:00 h		20:30 h	
			21:30 h	
			23:30 h	

FICRURAL Visión



FICRURAL acolle accións, eventos e actividades centradas no audiovisual para mellorar o coñecemento da nosa cultura e identidade, así como crear un arquivo de recursos audiovisuais e divulgar o mellor cine rural internacional e achegalo aos Centros Socioculturais das parroquias do rural de Compostela. Promovemos a recuperación da memoria rural e o fomento do diálogo intercultural entre os espazos rurais e os urbanos e entre os pobos e culturas do mundo arredor da crise do mundo rural.

Aproveitando recursos cotiás como os móbiles e as redes sociais, tamén se van desenvolver actividades como obradoiros e xincanas nas parroquias rurais de Compostela, enfocadas principalmente ás xeracións máis novas para que coñezan o patrimonio rural e o territorio.

Xincana fotográfica



O Concello de Santiago de Compostela e a Deputación da Coruña, dentro das actividades **FICRURAL**, organizan un concurso fotográfico na rede social Instagram titulado #FICRURAL.

As persoas concursantes deberán presentar fotografías nas que se represente unha actividade (lúdica, social, produtiva, deportiva, etc.) realizada na contorna das parroquias rurais de Santiago de Compostela.

As persoas que desexen participar deberán:

- Comezar a seguir á conta **FICRURAL** (@viveficrural) coa súa conta persoal de Instagram se é que aínda non o facían.
- Subir unha foto á súa propia conta de Instagram na que o elemento principal sexa unha actividade desenvolvida na contorna das parroquias rurais de Santiago de Compostela.
- Na devandita foto debe etiquetarse a FICRURAL (@viveficrural) e utilizar o hashtag #FICRURAL.

Desde o perfil de Instagram @viveficrural, e ata o 18 de Outubro (data límite da xincana), iranse repostando as fotos das persoas participantes, xunto coa descrición enviada. No caso de que chegue unha grande cantidade de imaxes, poderase facer unha selección para repostear. Estas imaxes poderán ser votadas por outras persoas usuarias, e gañará aquela imaxe que mais votos consiga. (Ver bases na web).



V Festival Internacional de Cine Rural de Galicia "Carlos Velo"



O Festival Internacional de Cine Rural de Galicia "**Carlos Velo**" é o único festival específico de cine rural que hai en Galicia e forma parte dunha rede estatal e internacional de festivais de cine rural.

Este festival é un espazo para a divulgación e exhibición de curtametraxes documentais e de ficción, cunha temática relacionada co medio rural e coa recuperación da memoria material e inmaterial dos pobos do mundo.

ACHEGAR A CULTURA AO RURAL

Nesta V Edición, o festival estará espallado a todo o rural de Compostela, a través de programación nos seus centros socioculturais. O **FICRURAL** vai ser, xa que logo, un punto de encontro para a cidadanía en xeral e para os profesionais do sector audiovisual, **un espazo para o debate e a reflexión creativa sobre o pasado, o presente e o futuro do mundo rural.**

Con esta iniciativa reivindicamos igualmente a figura e o legado do gran cineasta de Cartelle, **Carlos Velo**, promovendo a creación e o desenvolvemento de proxectos artísticos, sociais, culturais, económicos e obras audiovisuais que xiren arredor do medio rural e do seu futuro.

Entre os obxectivos dos organizadores deste festival multidisciplinar hai que destacar o interese polo coñecemento, a conservación e a defensa das culturas e dos sinais identitarios do mundo rural dos pobos do mundo, do seu singular patrimonio material e inmaterial, a recuperación e a codificación da memoria histórica e colectiva, e a promoción do intercambio interxeracional e a participación cidadá neste debate necesario e imprescindible sobre o futuro do mundo rural.

Esta iniciativa quere ser un referente cultural e artístico contemporáneo, un evento que proporcione un espazo de encontro e de proxección exterior do talento creativo pasado, presente e futuro. Neste contexto enmárcase tamén a homenaxe ao cineasta **Eloy Lozano**, que se vai desenvolver ao longo do **FICRURAL**.



XURADO V Festival Internacional de Cine Rural de Galicia "Carlos Velo":

PRESIDENTA DE HONRA DO XURADO.

Carol de Swaan



Nai de dous fillos, viúva de Carlos Velo.

A miña experiencia laboral centrouse en publicacións e guións e como guionista de diversos Programas de Difusión Científica para o Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía de México.

Estiven a cargo da Coordinación da edición do Manual do Instrutor Comunitario, realizado polo Centro de Investigación e Estudos Avanzados do Instituto Politécnico Nacional para o Consello Nacional de Fomento Educativo.

Fun guionista do programa radiofónico Palabras Prohibidas, sobre violencia familiar, abuso sexual, e outros temas abordados dende a perspectiva de xénero.

Traballei como Coordinadora do Departamento de Socioloxía do Centro de Estudos Económicos e Sociais do Terceiro Mundo, fun coordinadora do Programa da Muller da Secretaría de Turismo onde editamos o libro Las Mujeres Damos Vida al Turismo.

Fun Directora da Academia Mexicana de Dereitos Humanos, desde onde impulsamos a primeira observación electoral da sociedade civil e a creación de Alianza Cívica, organismo non goberamental encargado de vixiar as eleccións e a creación da Comisión Nacional de Dereitos Humanos, dirixida polo primeiro Obusdman en México, quen foi membro da Academia.

Fun ademais Coordinadora do Centro de Atención Integral das Mulleres da Delegación Xochimilco, zona moi marxinada cunha poboación de case un millón de persoas e un alto nivel de violencia familiar que combater.



XURADO V Festival Internacional de Cine Rural de Galicia "Carlos Velo":

Mercedes de la Fuente



Enxeñeira de Telecomunicacións e Antropoloxa Cultural e Social. Formada en cinema documental na Escola de San Antonio dos Baños (Cuba). Na actualidade é directora do Centro de Conservación e Restauración da Filmoteca Española. Integrante da Comisión de Seguimento do Plan Nacional de Conservación do Patrimonio Cultural do Século XX.

Colaborou na redacción de diversos artigos e relatorios relacionados cos arquivos fílmicos. Membro habitual de varios xurados de selección de festivais de cinema, curtametraxes e mostras escolares.

Marta del Riego Anta



Escritora, xornalista, poeta. Nacín no Noroeste (de España), é dicir, León; e vivín no Nordeste (de Europa), é dicir, Berlín. Tras dez anos de redactora xefe de Vanity Fair, e outro par dedicada á comunicación cultural, vino (case) todo. E aínda así, interésame (case) todo.

Amo o viño e a terra, Madrid, Berlín, Nova York; non creo na España baleira, si, na España chea, porque esas terras que ves desde o coche, terras aradas ou terras nas que medra algo verde ou terras en barbeito, teñen dono, labregos e gandeiros, paisanas e gandeiras. Publiquei tres novelas e o meu último libro é un ensaio literario-futbolístico, La Biblia Blanca. Historia Sagrada del Real Madrid (Córner). Son da Bañeza, case galega.

Plácido Romero



Exprofesor de Ensino Medio, usuario e investigador dos medios audiovisuais como recurso didáctico nas materias de Historia e Xeografía, nos anos noventa do século pasado. Produciu e dirixiu pezas didácticas e reportaxes sobre artistas plásticos. En Arraianos Producións, participou na realización de documentais como 100% CEF,

Traballo Animal, Sisifo Confuso, Traballos e días de Francisco Leiro, ou O Purgatorio de Francisco Leiro, colaborando con Aser Álvarez, nestes e noutros proxectos audiovisuais e editoriais.

Como director realiza documentais que teñen como tema central a situación do rural galego como Cesteando, 2016, Fronteiras de Enerxía Animal, 2017 ou O Tempo na Luparia, 2018.

Patricia Español



Licenciada en Filosofía e Letras pola Universidade de Zaragoza, especialidade de Historia Moderna. Desde o ano 1999 traballa como técnico de cultura na Comarca de Sobrarbe (Huesca), institución formada por 19 concellos que van dos aos 26 aos 2.128 habitantes, abarcando máis de 100 núcleos de poboación. Neste medio rural de montaña realiza diferentes proxectos de promoción e difusión cultural.

No campo da etnografía traballou sobre indumentaria tradicional e folclore. É directora e co-fundadora do Festival Internacional de Documental Etnográfico de Sobrarbe, Espiello, espello en aragonés, que en 2019 celebrou a seu XVII edición en Boltaña. Un referente dos festivais de cine rural en Europa.

Lucía Estévez



Graduada en Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo e Porto, onde afonda no ámbito da creación artística e plástica durante unha bolsa Erasmus. En 2017 realiza Sendeiro, curtametraxe de ficción. En 2018 recibe o Premio María Luz Morais por Muller Personaxe, unha peza experimental que investiga o papel da muller nas pantallas galegas. En 2019 recibe o Premio do Carballo Interplay para dirixir a webserie XAN, co-creada xunto ao actor e guionista Miguel Canalejo.

Desde os seus estudos compaxina o seu labor como creadora co posto de auxiliar de cámara en producións para cinema e televisión. Tamén traballa para as compañías Chévere, A Quinta do Cuadrante, Emedous ou Teatro Muxicas.

Rosa María Vilas Núñez




Licenciada en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid. Advanced Management Program polo Instituto de Empresa. Os primeiros pasos profesionais están vinculados á Cadena SER de Pontevedra e Vilagarcía, nos servizos informativos. Comeza a súa carreira profesional na CRTVG en xullo de 1989. Nos primeiros anos foi a presentadora e editora do Telexornal Mediodía. Ocupouse tamén da dirección e edición do Telexornal Serán e Noite. No ano 1999 convértese na primeira muller redactora xefe da TVG. Uns anos máis tarde ocupou a Subdirección de Informativos, ata o ano 2005.

Ao longo da súa traxectoria ocupouse tamén de coordinar espazos electorais ou especiais da TVG, como foron os informativos que se emitiron dende Bruxelas con motivo da incorporación de España ao Euro. Tamén se encargou de dirixir o dispositivo que a TVG montou durante varios días en Roma durante os últimos días de Xoán Paulo II e o seu pasamento.

O 1 de xuño de 2009 foi nomeada directora xerente da Televisión de Galicia. En 2014 recibiu o Premio Talento de TV concedido pola Academia de TV. En xullo de 2015 foi nomeada Dama da Orde do Albariño. Desde maio de 2017 ocupa o cargo de adxunta ao director xeral da CRTVG, posto no que liderou o recente proceso de transformación dixital da Televisión de Galicia.



Curtametraxes documentais finalistas do V FICRURAL



1. Luzas y Morras, de José Carlos Castaño (2018, España). Duración: 29'

Sinopse: O pastoreo é o oficio máis antigo que existe, esixe sacrificio constante e paixón pola natureza, con valores que exaltan a pureza da vida e que, nembargantes, corren serio perigo de extinción. Federico Torres elixiu un oficio que condiciona a súa vida por completo, é o pastor máis xoven da comarca, será tamén o último?



2. Mariñeiro, de Juan Galiñanes (2018, España). Duración: 19'

Sinopse: Antonio sempre traballou no mar e non coñece outro modo de vida. Hoxe chamárono para facer unha reportaxe sobre a ría de Arousa, onde el vive. No medio da gravación ocorre algo inesperado que obrigara a suspender a rodaxe.



3. El cielo es nuestro techo, de Carlos Cazorro Burgos (2017, España). Duración: 18'

Sinopse: Dende que a Xunta de Galicia establecera a necesidade de contar cunha licencia de marisqueo para explotar o marisco (coquinas e berberecho, principalmente) das praias da ría de Cedeira, as súas mariscadoras tiveron que loitar moi duro por ter (e manter) un traballo digno a pesares de ter en contra durante moitos anos aos seus veciños, a algunhas das que máis tarde serían as súas propias compañeiras, á mesma natureza, aos furtivos e o machismo da Cofradía de Pescadores de Cedeira que non as quixo aceptar como socias ata fai uns anos.



4. O nó da cana também dá garapa, de Marco Escrivao (2018, Brasil). Duración: 22'

Sinopse: Un filme de recordos e memorias. A través das historias e contos de Helvio Tamoio, O nó da cana também dá garapa percorre a historia da Usina Tamoio no interior do estado de Sao Paulo: o monocultivo da cana de azucre, o desenvolvemento desenfreado e os traballadores expulsados da súa terra natal.



5. Ubi sunt, de Sandra Román Peñalba (España, 2018). Duración: 14'

Sinopse: Partindo da inminente morte dos pobos rurais e a extinción da súa cultura, este ensaio documental quere construír o relato que reflexe o último alento da civilización rural de Quintanarraya, un pequeno pobo de Castela e León de menos de 100 habitantes. Unha posta en escena do valor de todo aquilo que se perde e xamais volverá, a través do tópico literario ubi sunt. Unha reflexión sobre a experiencia, os valores e a cultura de persoas que pertencen a un mundo que agoniza e se evaace.



Curtametraxes de ficción finalistas do V FICRURAL



1. Hasta mostla, de Luz María Cardenal (2017, Cuernavaca, México). Duración: 18'

Sinopse: Male se refuxia dos seus problemas nunha comunidade náhuatl, onde é vestida e adoptada por Nana Juana. Non contaba con que Gibrán aparecería na súa vida nin cos sentimentos que tería cara el.



2. Chen Li (Ciruela de agua dulce), de Roberto F. Canuto y Xiaoxi Xu (2017, España e China). Duración: 19'

Sinopse: Unha muller transxénero china, empregada nun cabaret de Chengdu, recibe a inesperada visita da súa prima, quen lle comunica que a súa nai (con quen se distanciara tempo atrás) faleceu. Sendo o único "varón" da familia, vese moralmente na obriga de regresar ao seu pobo natal, unha aldea nas montañas, aínda que non pode aparecer como muller diante dos seus veciños e parentes.



3. Work, de Sam Griffith (2017, Estados Unidos). Duración: 10'

Sinopse: Unha xoven nai que se pregunta a súas decisións e identidade mentres medra a súa filla nunha granxa.



4. Kiriri, de Miguel Ángel Agüero (2018, Paraguai). Duración: 13'

Sinopse: En plena dictadura militar, un calmo silencio envolve a vida campesiña dunha avoa e a súa neta no interior de Paraguai, ata que unha repentina ausencia a volve tormentosa.



5. Sinyt, de Hristo Simeonov (2016, Bulgaria). Duración: 29'

Sinopse: Unha historia sobre a vida de un neno xitano que vive coa súa familia nun vello tráiler no interior de Bulgaria, onde ten que cubrir o papel da figura paterna cando este se dirixe á cidade para loitar pola vida. O único compañeiro do rapaz é un can da rúa que debe espantar.



Visión

Actividades FICRURAL Visión

Luns, 23 de Setembro

19:00 h - 21:00 h Proxección finalistas FICRURAL Visión (CSC A Gracia). Votación dos filmes.

Martes, 24 de Setembro

Ao longo da mañá **FICRURAL Visión escola.** Actividade para centros educativos a celebrar nos propios centros que inclúe a proxección de filmes e documentais rurais para público infantil, premiados noutras edicións do **FICRURAL**.

19:00 h - 21:00 h Proxección finalistas FICRURAL Visión (CSC Grixoa). Votación dos filmes.

Mércores, 25 de Setembro

Ao longo da mañá **FICRURAL Visión escola.** Actividade para centros educativos a celebrar nos propios centros que inclúe a proxección de filmes e documentais rurais para público infantil, premiados noutras edicións do **FICRURAL**.

19:00 h - 21:00 h Proxección finalistas FICRURAL Visión (CSC Figueiras). Votación dos filmes.

Xoves, 26 de Setembro

Ao longo da mañá FICRURAL Visión escola. Actividade para centros educativos a celebrar na Fundación Laboral da Construción (Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13) que inclúe a proxección de filmes e documentais rurais para público infantil, premiados noutras edicións do **FICRURAL**.

13:30 h - 14:30 h Presentación do proxecto **Fenómenos do Rural**, de Yoseba Muruzábal e visita á exposición **Anacos do Rural de Compostela e A Coruña**.

16:30 h - 20:30 h Proxección das dez curtametraxes finalistas do Festival de Cine Rural de Galicia na Fundación Laboral da Construción (Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13) dentro do FICRURAL Visión.

Trala proxección dos filmes finalistas terá lugar a votación dos asistentes, que determinarán o premio final do público.

Venres, 27 de Setembro

12:30 h - 13:30 h **Encontro de Festivais de Cine Rural e Mediatecas.** Creación dunha rede estable de colaboración entre festivais de cine rural de España e Portugal e reflexión crítica sobre arquivos cinematográficos e fotográficos históricos procedentes do Ministerio de Agricultura e da Filmoteca Española relacionados coa agricultura e o mundo rural.

Actividades FICRURAL Visión

Moderador:

- Juan Manuel García Bartolomé. Experto en cine rural.

Persoas convidadas:

- Mercedes de la Fuente: Filmoteca Española.
- Tiago Baptista: Cinemateca Portuguesa.
- Concha Losada: Museo do Pobo Galego.
- Agustina Sanguesa: Red Española de Periodistas Rurales.
- Lucía Vázquez. LAV.mov Laboratorio Audiovisual de Vedra.
- Pedro Poyato: Festival Internacional de Cine Rural de Dos Torres.
- Miguel Cordero: Festival de Cine de Ascaso.
- Severiano Casalderrey: FICBueu.
- Manuel González: Chanfaina Lab.
- Rui B. Ramos: Festival Internacional de Documental de Melgaço.
- Mónica Vázquez: Festival Internacional de Cine Rural de Galicia.
- Keka Losada: Coordinadora do Festival de Cans.

13:30 h - 14:30 h **X Encontros Arraianos de Cine Rural.** Novas oportunidades e retos para a cooperación cultural e empresarial transfronteiriça:

Os Encontros Arraianos naceron en 2016 co obxectivo de promover a creación de redes de colaboración e intercambio entre Cineclubes e Festivais de Cine en Galicia e Norte de Portugal, España e Brasil e estimular o diálogo cultural entre as fronteiras.

Promovido polo Festival Internacional de Cine Rural Galego "Carlos Velo" e Arraianos Producións, os Encontros Arraianos colaboran actualmente con numerosos clubs e festivais de cine, axentes públicos e privados, universidades, produtores e outros colectivos de Galicia, norte de Portugal e Brasil.

O X Encontros Arraianos de Cinema celebráranse en colaboración co Concello de Santiago e a Deputación da Coruña, o 27 de setembro, onde estarán os representantes dos clubs de cine, festivais e universidades que levan moitos anos traballando para ampliar as fronteiras, buscando o intercambio de materiais. a través dun debate entre todos o que pretende presentar propostas de colaboración concretas. Por exemplo, a creación dunha base de datos de institucións e eventos relacionados coa cultura arraiana ou a posibilidade de solicitar conxuntamente fondos europeos interrexionais.



Visión



Actividades FICRURAL Visión

Moderador:

- Aser Álvarez, **FICRURAL**.

Persoas convidadas:

- Federación De Cineclubes De Galicia.
- Cátedra Universitaria José Saramago.
- FICBUEU
- MDOC
- AGAPI
- BANDO A PARTE
- Cineclube Oporto.
- Instituto Camoes.
- Festival Primavera Do Cine.
- CINECLUBE COMPOSTELA
- NUMAX
- Museo do Pobo Galego.
- FICRURAL

16:30 h - 17:30 h **O rural no cine e na literatura en Galicia.**

No século XXI o rural como tema literario parecía apartarse dos nosos escritores e escritoras. Pero nos últimos anos veñen publicándose unha serie de títulos que van dende ensaio ata a novela ou poesía que están rescatándoo. O mesmo acontece no mundo do cinema. Esta mesa versa precisamente sobre este novo interese sobre o rural no cine e na literatura en Galicia.

Moderador:

- Aser Alvarez e Inés Vázquez

Poñentes:

- Ana Cabaleiro
- Xesús Fraga
- Xose Manuel Vega
- Rosa Aneiros
- Plácido Romero



Actividades FICRURAL Visión

18:30 h - 19:00 h **Homenaxe a Eloy Lozano + Proxección documental inédito sobre a Galicia Rural.**

Eloy Lozano foi un pioneiro do cine rural en Galicia e un infatigable activista cultura e profesional do cine e da televisión. Creador do Festival de Cine de Ourense e doutras iniciativas dinamizadoras, **FICRURAL** quere renderlle unha homenaxe e amosar unha pequena escolma da súa obra documental centrada no rural de Galicia.

Participación: María de la Cuevas, Viúva de Eloy Lozano.

19:00 h - 19:30 h **Presentación Galicia na Memoria.**

Presentación da edición multimedia, coordinada por Arraianos Producións, Galicia na Memoria, unha escolma de fondos fotográficos e cinematográficos da Galicia rural entre 1934 e 1989, un proxecto de divulgación pioneiro no ámbito estatal.

Moderador:

- Aser Álvarez, coordinador do proxecto

Persoas convidadas:

- Jaime Lloveras, enxeñeiro e investigador sobre o rural.
- Mercedes de la Fuente, Filmoteca Española
- Rosa Vilas, CRTVG
- Juan Manuel García Bartolomé, experto en cine rural
- Juan Piñeiro, enxeñeiro e investigador sobre o rural

Desde as 20:30 h **Concertos de Deteriorados e Mounqqa**

Sábado, 28 de Setembro

Ao longo do día Proxección finalistas FICRURAL Visión (Ver horarios na web)

13:00 h - 13:30 h **FICRURAL Visión**

15:00 h - 15:30 h **Obradoiro de foto móbil con Rapariga DJ**



Actividades FICRURAL Visión

15:00 h - 15:30 h **O rural no cine e na literatura en España**

Sobre Lo rural en el cine y la literatura

Moderador: Marta Del Riego Anta

Poñentes: Pilar Fraile, Oliver Laxe, María Sánchez, Elvira Valgañón.

No século XXI o rural como tema literario parecía afastarse dos nosos escritores e cineastas. Pero nos últimos anos rodáronse e publicado unha serie de títulos que o rescataron como tema esencial. É esa *"España Callada"*, que xamais sae nas noticias nin abre diarios, esa rexión esquecida da que fala Julio Llamazares, un dos escritores que nunca abandonou o tema rural e que inspirou ás xeracións máis novas.

Entre ese puñado de creadores está Pilar Fraile, que publicou en 2018 *"Las ventajas de la vida en el campo"*, unha novela que rompe cos estereotipos do urbanita que regresa á natureza; María Sánchez, que escribiu o poemario *"Cuaderno de Campo"* e *"Tierra de mujeres"*, un ensaio autobiográfico sobre a vida das mulleres no campo; e Elvira Valgañón, que relata no *"Invierno"* (2017) as historias dun pobo de montaña vistas por un espantallo. E está o cineasta Oliver Laxe, que co filme *"O que arde"*, volveu á súa terra natal para narrar os estragos do lume na Galicia rural. Reunimos aos catro para falar do rural no cinema e a literatura, de que é ficción e que é realidade, ao lado poético do campo, ao lado cruel, e de como o desenvolvemento do mundo rural é esencial para a nosa supervivencia tanto material como espiritual.

17:30 h - 18:30 h **Presentación dos traballos finalistas do V FICRURAL de Galicia.**

Mesa na que se abordarán os contidos das curtametraxes finalistas no contexto do papel expositivo e reivindicativo que pode xogar o cine á hora de facer reflexionar sobre o pasado, o presente e o futuro do mundo rural así como das formas de vida conectadas á natureza e á raigame cultural dos pobos.

Contaremos coa presenza de catro dos directores e directoras dos dez traballos finalistas, que compartirán co público a súas reflexións dende unha perspectiva cinematográfica.

Moderador:

- Inés Vázquez (Lareira Pop)

Poñentes:

- Sandra Román
- Carlos Cazorro
- José Carlos Castaño
- Juan Galiñanes

18:30 h - 19:30 h **Carlos Velo na memoria.**

O público asistente a esta sesión vai poder coñecer a testemuña de Carol de Swaan, viúva do cineasta galego exilado en México Carlos Velo e escoitar de primeira man a fonda pegada que o seu home deixou neste país americano como profesional do cine e como formador da nova xeración de cineastas mexicanos.

Poñentes:

- Carol De Swaan
- Luis Alvarez Pousa

19:30 h - 20:00 h **Entrega de premios por parte dos membros do xurado e autoridades.**

20:00 h - 20:30 h **Remate da pintura en directo Yoseba Muruzabal.**

Desde as 20:30 h Concertos de **Broke Lord e Immaculate Fools.**

Exposición “Anacos do Rural de Compostela e A Coruña”



Esta exposición, que se vai mostrar durante a celebración de **FICRURAL**, na Fundación Laboral da Construcción (Rúa Pontepedriña de arriba, n-13), vai itinerar tamén por varios Centros Socioculturais do Rural de Compostela e por concellos da provincia da Coruña.

Exposición “Anacos do Rural de Compostela e A Coruña”



É unha selección de fondos fotográficos pertencentes á edición multimedia **Galicia na Memoria**, unha escolma fotográfica e cinematográfica de Galicia elaborada grazas á colaboración coa Mediateca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que aporta os seus valiosos fondos sobre a Galicia rural, recollidos entre 1934 e 1989; o Ministerio de Educación e Cultura e a Filmoteca Española.



Visión



Exposición "Anacos do Rural de Compostela e A Coruña"



I Foro Internacional da Economía e da Cultura Rural



Exposición "Anacos do Rural de Compostela e A Coruña"



FICRURAL 2019





FICRURAL Feira



Reivindicando o papel das feiras os longo da nosa historia, no **FICRURAL** Feira creamos un espazo de encontro para favorecer o intercambio, o diálogo e a reflexión sobre o pasado, o presente e o futuro do mundo rural, compartindo experiencias con actores públicos e privados, nacionais e internacionais, para crear unha rede de colaboración sobre emprendemento e dinamización rural en Compostela e Comarca e nos concellos da provincia de A Coruña que sexa unha referencia en Galicia e nivel nacional e internacional.



Actividades FICRURAL Feira

Xoves, 26 de Setembro

MESA: O RURAL EN GALICIA

11:30 h - 12:30 h **Obxectivo:** Contrastar as diferentes propostas sobre o modelo territorial galego, o desenvolvemento rural e a crise demográfica, realizadas polas forzas políticas autonómicas con representación parlamentaria, co obxectivo de asentar unhas bases mínimas para o establecemento dun pacto polo rural

Moderador/a:

- María Cedrón, redactora de La Voz de Galicia e coordinadora de Somos Agro.

Participantes:

- José Antonio Quiroga Díaz (PSdG-PSOE)
- Antón Sánchez García (Grupo Común da Esquerda)
- Mini (Xosé Luís Rivas Cruz) (BNG)
- Moisés Blanco Paradelo (Partido Popular)

MESA: DEPUTACIÓN DA CORUÑA: PROXECTOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

12:30 h - 13:30 h **Obxectivo:** Debater dende o local sobre a problemática do rural, onde varios membros da Asociación Galega de Profesionais do Desenvolvemento Local de Galicia e dos Grupos de Desenvolvemento Rural van facer unha posta en común de proxectos innovadores de desenvolvemento endóxico canda os xestores de varios concellos da provincia de A Coruña.

MESA: O RURAL E A UNIVERSIDADE

16:30 h - 17:30 h **Obxectivo:** Apuntar o papel das diferentes universidades galegas como focos potenciais de creación e difusión de coñecemento e innovación aplicada aos problemas, retos e desafío do rural en Galicia.

Moderador/a:

- Agustina Sangüesa Alba, coordinadora da Red de Periodistas Rurales de España.



Feira



Actividades FICRURAL Feira

Participantes:

- Edelmiro López Iglesias, coordinador do Grupo de Investigación ECOAGRASOC (Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenrolo Rural e Economía Social).
- Damián Copena Rodríguez, investigador no Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da Universidade de Vigo.
- Xoan Carlos Carreira Pérez, Director da Escola Politécnica Superior de Lugo e organizador das "Xornadas Agrarias Galegas".

MESA: PROXECTOS INNOVADORES DO RURAL NA COMARCA DE COMPOSTELA

17:30 h - 18:30 h. Moderador/a:

- María Cedrón, redactora La Voz de Galicia.

Participantes:

- Xosé Portas García, xerente de Discarlux e responsable do proxecto Fistera Bovine World.
- Manuel Pérez Lois, responsable do Fogar do Selmo.
- José Carlos Brea Pallares, copromotor de Cervexa Ecolóxica Toupiña.
- Iria García Fernández, coresponsable de Xiro Atlantic Denim.
- Inés Trillo Guerra, directora do Refuxio Vacaloura.

MESA: ENCONTRO DE MULLERES RURAIS DE COMPOSTELA E COMARCA

18:30 h - 19:30 h **Obxectivo:** Foro de diferentes experiencias levadas por mulleres de iniciativa e defensa de modos sustentables de vida no rural, coa finalidade de reivindicar o seu papel fundamental e pouco recoñecido de resistencia e loita contra o abandono e na defensa da cultura tradicional.

Moderador/a:

- Carme Freire Cruces, Labrega e Formadora Ecolóxica e Artesanal.

Participantes:

- Cruz Barral Carollo, Labrega e membro da Asociación Nonéomesmo.
- María del Rosario López Gómez, responsable de CharoLópezAtelier.
- María Cruz Dafonte Raña, responsable do programa "As que Fomos" (Obradoiros de Apoderamento para Mulleres do Rural).
- Isabel Sánchez Manso, responsable proxecto de recuperación do patrimonio inmaterial no rural.



Actividades FICRURAL Feira

MESA: O URBANISMO E O RURAL

19:30 h - 20:30 h **Obxectivo:** Analizar as causas do colapso territorial en Galicia e a necesidade de dar respostas aos problemas urbanísticos e de definición dos usos da terra, a partir dunha exemplificación no caso de Compostela e Comarca.

Moderador/a:

- Agustina Sangüesa Alba, coordinadora da Rede de Periodistas Rurais.

Participantes:

- Xosé Allegue Fernández, Arquitecto Xefe da Oficina Supervisora de Proxectos e Infraestruturas do Consorcio de Santiago de Compostela.
- Xosé Constenla Vega, profesor da Universidade de Vigo e autor do ensaio "O colapso territorial en Galiza".

Venres, 27 de Setembro

MESA: O RURAL EN COMPOSTELA

11:30 h - 12:30 h **Obxectivo:** Posta en común das demandas das asociacións de veciños do rural de Compostela como base para unha discusión pública entre as diferentes forzas políticas con representación municipal, co obxectivo de establecer principios de acordo básico para unha actuación institucional consensuada para sentar as bases dun pacto polo rural.

Moderador/a organización do FICRURAL:

Participantes:

- Cruz Vázquez Veiga, presidenta de FERUSA (Federación de Asociacións de Veciños do Rural de Compostela).
- Representantes dos grupos municipais con representación no Pleno do Concello de Santiago.

MESA: A EDUCACIÓN NO RURAL

17:30 h - 18:30 h **Obxectivo:** Describir varias experiencias educativas innovadoras realizadas no rural en Galicia, en relación a modelos comprometidos de supervivencia e de transformación social dentro dunha realidade de perda poboacional e crise demográfica.

Moderador/a organización do FICRURAL:



Feira



Actividades FICRURAL Feira

Participantes:

- María del Camino Pereiro González, directora do CPI Plurilingüe Virxe da Cela de Monfero e membro do Secretariado Nacional de Nova Escola Galega.
- Luís García Fernández, director do Centro de Promoción Rural-EFA Fonteboa.
- Marta Santos de A Semente Compostela, Escola de Ensino Galego
- Pedro Rodríguez López, membro da Rede Galega de Educación e Desenvolvemento Rural.
- Lorena Leis Arnejo, membro da Asociación Entre Lusco e Fusco.

Sábado, 28 de Setembro

MESA: ENCONTRO DE MULLERES RURAIS EMPREENDEDORAS

12:30 h - 13:30 h **Obxectivo:** Presentar diversas experiencias persoais e colectivas de emprendemento no rural realizadas por mulleres, en tanto prácticas que conlevan un empoderamento e posta en valor do territorio ao mesmo tempo que indican modelos innovadores e afianzamento do común.

Modera a organización do FICRURAL.

Participantes:

- Eva López Barrio, responsable do Programa Woman Emprende da Universidade de Santiago de Compostela.
- Elena Ferro, de EFerro, zocos e coiro.
- Andrea Fernández Rodríguez, de La Platanera.
- Nuria Varela-Portas de Orduña, de O Pazo de Vilane.

MESA: COWORKING RURAL: OUTRAS EXPERIENCIAS

13:30 h - 14:30 h **Obxectivo:** Valorar experiencias diversas de coworking rural en Catalunya e Euskadi, como casos de dinamización territorial que serven ao mesmo tempo de xeradores de activación económica e social dentro de pequenas comunidades e de atractores de talento e innovación.

Modera a organización do FICRURAL.



Actividades FICRURAL Feira

Participantes:

- César Llorente López, CEO de Motivapedia, Psicólogo social (UB) especialista en Xestión Empresarial (UIB) e DEA en Dinámicas Motivacionais (UB).
- Jordi Silvente, CEO de Alpha Espai Serveis & Coworking e Presidente de COWOCAT (Associació Coworking Catalunya).
- Laura Céspedes Arias, consultora de sistemas de xestión de HIKA Aholkularitza-Consultoria e xestora de CoWorking Lasarte-Oria.
- Olavo Franco, membro do equipo xestor do espazo colaborativo DINAMO10 de Viana do Castelo.

14:30 h - 15:30 h Sesión Vermú.

Consulta na nosa web e redes sociais as actualizacións e as últimas incorporacións a estas mesas de debate.

www.ficrural.gal

Concertos

DETERIORADOS



DETERIORADOS é unha banda interxeracional de Country & Blues Heróico do Delta do Morrazo. A punta da lanza comunicativa de VULNERABLES. Está composta por cinco persoas con idades comprendidas desde os case 70 anos ata os 20. Formada por dúas persoas xubiladas: un profesor asociado da USC (Universidade de Santiago de Compostela) e un ex traballador do Concello de Vigo, ademais dunha pianista estoniana, un profesor universitario e unha estudante recién graduada.

Caracterizados por un estilo moi singular, uns instrumentos pouco convencionais e un repertorio exclusivo, desde DETERIORADOS levamos en forma

musical a filosofía VULNERABLES por toda a comunidade galega. En vez de ir con un powerpoint, facémolo con música.

DETERIORADOS nace co desexo de continuar creando e desenvolvendo unha actividade cualitativa tras a xubilación e convértese, como dicíamos nun principio, na punta da lanza comunicativa do proxecto VULNERABLES.

MOUNQUP

Camille Hédouin é unha artesá do son. Nada en Francia, pero galega de adopción, leva dende os 15 anos empregando a súa voz para tocar en bandas de jazz, electrónica e folk, e foi en Galicia onde comezou a experimentar con loops e samplers para converterse na artista que é hoxe. As súas creacións son colaxes de texturas, formas e cores que dan como resultado as paisaxes sonoras de **MOUNQUP**.

Compón na completa soidade da súa casa no medio das montañas en A Bola (Celanova), entre a súa familia e experimentando con materiais que atopa na súa contorna. Non obstante, todo ten sentido nos concertos en directo. A partir dun deserto e



frío árido, créanse selvas sonoras engadindo múltiples elementos que desembocan nunha catarse sensorial. Poucos artistas representan tan ben a mestura de herdanzas culturais e o compromiso con eles a través de influencias que abarcan dende os ritmos africanos ata a experimentación nórdica.

Concertos

BROKE LORD



BROKE LORD é o proxecto personal do músico e escritor Luis Boullosa. Co seu terceiro disco, "I Am the Phantom Limb" reíncide na súa obsesión polos pasaxes crepusculares, xa apuntada nos anteriores traballos ("Death of a Flower" e "Nazgul Says"), ofrecendo ó tempo unha colección de temas que o dotan dun cariz máis expansivo e experimental.

BROKE LORD preséntase aquí por primeira vez en directo en formato trío, co seu pop escuro e influido por artistas como Lou Reed, Mark Kozelek, Sisters of Mercy ou Lambchop.

En xaneiro de 2019 cumpríranse 34 anos da edición do primeiro single da popularísima banda de Kent. **IMMACULATE FOOLS** deulles a coñecer en todo o mundo. E ese tema está considerado como un dos maiores hits da música británica e forma parte da memoria sonora de calquera de nós.

IMMACULATE FOOLS acaba de editar un novo álbum, "Keep the blade sharp" e ademais vanse a reeditar os seus dúas primeiras e míticas referencias en vinilo de alta calidade a través de Larvin Music. Kevin Weatherill, cantante e fundador do grupo, xunto cun selecto elenco de músicos españois e británicos, volveu a engrasar a maquinaria e dende a súa base de operacións en Galicia pretende saír de xira e percorrer España tocando os himnos desta mítica banda británica dos 80. **IMMACULATE FOOLS** está de volta.



IMMACULATE FOOLS

HORARIOS

Venres, 27 de Setembro

Desde as 20:30 h

**Deteriorados
Mounqup**

Sábado, 28 de Setembro

Desde as 20:30 h

**Broke Lord
Immaculate Fools**

FICRURAL Xogo



FICRURAL Xogo é un dos tres eixos estratéxicos do FICRURAL, Foro Internacional da Cultura e Economía Rural, co que se pretende divulgar o patrimonio lúdico galego, socializalo e achegar ás escolas e ás familias os xogos tradicionais e populares, como alternativa para o tempo de lecer.

COÑECE O RURAL

E para as familias e os non tan cativos, queremos dar a coñecer a contorna rural como alternativa de lecer para a práctica de actividades saudables e sustentables, promovendo o coñecemento deste territorio, a través de roteiros temáticos, andainas, sesións de narración oral, visitas guiadas, saídas en bici e outras actividades para dar a coñecer o rural compostelán, que se van desenvolver ao longo do mes de setembro (ver datas e horarios na web)

FICRURAL Xogo

FICRURAL XOGO ESCOLA

A través do FICRURAL Xogo Escola, xa se levou a varias escolas de Compostela unha ludoteca itinerante cunha escolma de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos. Deste xeito creouse un espazo de ocio alternativo, onde poder gozar do xogo tradicional á vez que se desenvolven habilidades e destrezas manuais, cognitivas e a capacidade imaxinativa, a través de xogos de precisión, de lanzamento, de habilidade, de enxeño e de cooperación.

Durante os días 26, 27 e 28 de setembro no **FICRURAL** poderase atopar un espazo adicado ao xogo para aquelas familias e cativos que queiran coñecer a extraordinaria oferta do patrimonio lúdico galego e facilitar a conciliación e o disfrute de todas as actividades para maiores e pequenos no marco da Fundación Galega da Construción durante a celebración de **FICRURAL** Xoves 26 E VENRES 27 de Setembro de 10-13:30.

Ao longo do mañá alumnado de varias escolas de Compostela, poderán achegarse aos espazos de xogo tradicional e talleres onde facer os seus propios xogos. Actividade dirixida a colexios.

CONCILIA FICRURAL.


Venres 27 TARDE e Sábado 28 TODO O DÍA de setembro: diferentes espazos de xogo, talleres e actividades para todas as idades en paralelo as mesas e faladoiros para favorecer a conciliación das familias.



Xogo



ROTEIROS CIRCULARES POLO RURAL DE COMPOSTELA



1. ROTEIRO DA PEREGRINA. Dificultade baixa.

Lugar Peregrina, 12 – 15898
Coordenadas: 42.9921933, -8.552922

Roteiro circular de dificultade baixa que transcorre pola contorna da parroquia da A Peregrina.

Punto de saída: Centro sociocultural da Peregrina
Distancia: 4 quilómetros
Tempo: 50 minutos

2. ROTEIRO DE NEMENZO. Dificultade baixa.
Lugar Nemenzo Arriba, 8 – 15884
Coordenadas: 42.958713, -8.487309

Roteiro circular de dificultade baixa que transcorre pola contorna da parroquia da Nemenzo, ó norte da cidade de Santiago de Compostela.


Punto de saída: Centro sociocultural de Nemenzo
Distancia: 7 quilómetros
Tempo: 1 hora e 30 minutos



3. ROTEIRO DE BUSTO. Dificultade media.
Lugar Vilariño Busto, 5, 15884 Ramelle
Coordenadas: 42.974935, -8.505963

Roteiro circular de dificultade media que transcorre pola contorna da parroquia da Busto, ó norte da cidade de Santiago de Compostela.

Punto de saída: Centro sociocultural do Busto
Distancia: 7 quilómetros
Tempo: 1 hora e 30 minutos



4. ROTEIRO DE BANDO. Dificultade media.
Rúa do Coto dos Olmos, 19 – 15820
Coordenadas: 42.888036, -8.486528


Roteiro circular de dificultade media que transcorre pola contorna da parroquia da Bando, moi preto do Monte do Gozo en Santiago de Compostela.

Punto de saída: Centro sociocultural de Bando
Distancia: 7 quilómetros
Tempo: 2 horas

5. ROTEIRO DE ARÍNS. Dificultade baixa.
Rúa do San Martiño, 21 – 15982
Coordenadas: 42.864742, -8.503599

Roteiro circular de dificultade media que transcorre pola contorna da parroquia da Aríns, no sur do municipio de Santiago de Compostela


Punto de saída: Centro sociocultural de Aríns
Distancia: 8 quilómetros
Tempo: 2 horas



6. ROTEIRO DE MARROZOS. Dificultade alta.
Ardagán, 7 – 15893
Coordenadas: 42.838441, -8.497920

Roteiro circular de dificultade media que transcorre pola contorna da parroquia da Marrozos, no sur do municipio de Santiago de Compostela.

Punto de saída: Centro sociocultural de Marrozos
Distancia: 11 quilómetros
Tempo: 2 horas e 30 minutos



7. ROTEIRO DE LAMASCAL. Dificultade alta.
Lugar de Lamascal, 16 – 15898
Coordenadas: 42.947340, -8.583431

Roteiro circular de dificultade media que transcorre pola contorna da parroquia de Fecha.

Punto de saída: Centro sociocultural de Lamascal
Distancia: 10 quilómetros
Tempo: 2 horas

YOSEBA MP



A serie **"Fenómenos do rural"** está formada por unha serie de cadros e murais nos que o artista galego Yoseba MP se inspira en mulleres do noso rural ás que dota de "súperpoderes". E no **FICRURAL** teremos a oportunidade, entre 26 ao 28 de setembro, de ver a creación do último mural desta serie, feito en directo no lugar de celebración deste evento multidisciplinar.

FENÓMENOS DO RURAL

O obxectivo desta serie de imaxes é dar testemuña do traballo que estas mulleres exercen nos seus fogares e a relevancia que iso ten no seu medio a na súa contorna. A idea deste universo rural ten unha base real. É un feito que o minifundio galego é cousa de mulleres e isto resulta determinante para que desenvolvan unha mentalidade de traballo e unha forza para executalo que é algo fóra do normal.

Nunha viaxe por calquera estrada galega poderás ver a estas súper mulleres, camiñando pola beiravía, sempre ocupadas nalgunha tarefa, cargando con carretillas, sachos, fouciños, cestos, mangueiras...

En Galicia, debido ao seu carácter rural, as mulleres sempre aportaron á economía familiar unha axuda imprescindible, seguramente hoxe en día a maioría delas estea cobrando unha pensión e podería deixar de ir ao campo, pero a dinámica de toda unha vida non se cambia facilmente.

Dous de cada tres traballadores no campo son mulleres, e pasada a idade da xubilación a diferenza entre mulleres e homes aumenta. Os factores que inflúen na feminización do mundo rural son variados. Hai estudos que afirman que tanto a emigración como a xenética son determinantes no rural. E o feito de desempeñar un traballo tan dependente como é a leira ou o coidado dos animais, fan que o ritmo da vida laboral destas mulleres sexa constante e regular, sen vacacións nin xubilación. Mais están en forma até moi maiores.

FICRURAL 2019 FAI A RETROSPECTIVA DO V FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE RURAL DE GALICIA CON YOSEBA MP E O SEU PROXECTO FENÓMENOS DO RURAL



As superheroínas galegas diferéncianse do resto de superheroes polo seu traxe, único e exclusivo dos mercados galegos, o mandil de cadros, a batiña, que xa é un elemento iconográfico da nosa terra. É o uniforme das nosas hortas, e de case todas as mulleres do rural. Tamén é o noso. E por iso queremos homenaxear a este artista, porque co seu traballo artístico racha os estereotipos éticos e estéticos, desmostrando que outro rural galego é posible. Avante Joseba. O rural é noso! O rural é delas!

As heroínas do rural galego.



Xogo



Actividades FICRURAL Xogo

Xoves, 26 de setembro

10:00 h-13:30 h **FICRURAL Xogo Escola** na Fundación Laboral da Construción (Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13, Romaño). Actividade para os centros educativos.

Venres, 27 de Setembro

10:00 h - 10:30 h **Andaina** polo Sarela dende o parque de Galeras.

10:30 h - 11:30 h Contada "**As lavandeira tolas**" e "**Un de Pieiras**" por Verónica Rilo e Sonsoles Penadique.

10:30 h - 11:30 h **FICRURAL Xogo Escola** na Fundación Laboral da Construción (Rúa da Pontepedriña de Arriba, 13, Romaño). Actividade para os centros educativos.

16:30 h - 20:30 h **Concilia FICRURAL Xogo**, con mostra de xogos tradicionais, obradoiros e narración oral.

Desde as 20:30 h Concertos de **Deteriorados e Mounqup**.

Sábado, 28 de setembro

10:00 h - 10:30 h **Andaina** polo Sarela dende o parque de Galeras.

10:30 h - 11:30 h Contada "**As lavandeira tolas**" e "**Un de Pieiras**" por Verónica Rilo e Sonsoles Penadique.

11:30 h - 14:30 h **Concilia FICRURAL Xogo**, con mostra de xogos tradicionais, obradoiros, talleres e contadas.

16:00 h - 17:30 h **Obradoiro de Pito pastoril galego**.

Presentación (Moisés Quintás)

Colaboración con percusión tradicional: Victoria Pérez.

Concerto didáctico enfocado a nen@s (+9 anos) e maiores cun obxectivo moi necesario: por en valor este esquecido instrumento da nosa tradición musical. Para entender, valorar e respectar outras culturas, debemos primeiro tratar de entender, valorar e respectar a nosa propia.

O Pito Galego, unha sinxela fruta de cana, chega dabondo para percatarnos de canto temos en común co resto do mundo, e a través da súa Música, mergullarnos no mundo dos sentimentos, das emocións e do respecto; pois a Música, é a linguaxe da esperanza e da Paz.

16:30 h- 20:30 h **Concilia FICRURAL Xogo**, con mostra de xogos tradicionais, obradoiros e talleres e contadas.

Desde as 20:30 h Concertos de **Broke Lord e Immaculate Fools**.





FICRURAL

l Foro Internacional da Economía e da Cultura Rural



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO